



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2024

En Laxe, sendo as 14:00 horas do 27 de febreiro de 2024, reúnen-se, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o 1º tenente de alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe; presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Fernando del Moral Regaldie (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Non asisten:
Don José Luis Pérez Añón (PP)
Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Actúa como secretaria-interventora deste concello, Dona Begoña Carrasco García.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA Ó CARGO DE ALCALDE E CONCELLEIRO DESTA CONCELLO, DE DON JOSÉ LUIS PÉREZ AÑÓN

Dase conta ao Pleno da Corporación do escrito de renuncia ao cargo de alcalde e de concelleiro desta corporación de Don José Luis Pérez Añón, de data 21 de febreiro de 2024, con Rexistro de Entrada núm. 20240000000201.

O primeiro tenente de alcalde, Don Francisco Charlín Oróns dá lectura do mencionado escrito:

*“Ao Pleno da Corporación do Excelentísimo Concello de Laxe
Laxe, 21 de febreiro de 2024*

Por medio da presente comunico que, por motivos específicos de saúde persoal e consello médico, presento a miña renuncia ao cargo de Alcalde – Presidente do Excelentísimo Concello de Laxe e tamén ao cargo de Concelleiro.

Admito que as inquietudes profesionais e as conexións persoais e institucionais que xorden estando ao fronte deste Concello son dun valor tan incalculable que non facilitan dar este paso. Aínda así quero asegurarlles que esta decisión é o resultado dunha reflexión profunda e tómoa estando convecido de que é a correcta tanto para o meu benestar xeral como para o benestar do Concello de Laxe.

Nestes momentos, ante todo, e cun gran sentido de aprecio, quero agradecer a confianza e o apoio que a veciñanza de Laxe me dou durante toda a miña traxectoria política e, moi



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

especialmente, a depositada en min para presidir esta Alcaldía como resultado das dúas últimas eleccións municipais.

Participar activamente na primeira liña da xestión política local permitíume aportar o meu modesto esforzo para favorecer a convivencia e o desenvolvemento deste Concello. Durante dodo este tempo, a vocación de servizo e o ben común convertéronse no meu único propósito de trabalo e nese sentido síntome especialmente orgulloso por non ter decaído en ningún momento.

Valoro e agradezo o tempo que presidín este Concello pero tamén son consciente de que nada tería sido igual sen a fortaleza de contar coa implicación duns compañeiros e compañeiras de goberno que se mantiveron en todo momento ao meu lado, sempre coa mellor das disposicións para cooperar e traballar no proxecto político que entre todos levamos a cabo. Xunto ao agradecemento que sinto polo seu apoio e esforzo, quero sumar a gratitude que sinto por tódalas persoas que colaboraron conmigo nas campañas electorais, e tamén polas que me acompañaron no partido e na candidatura aportándome todo o seu entusiasmo e dedicación.

Durante este tempo tamén contei coa axuda e o esforzo dos e das traballadoras municipais, a quen quero recoñecerlles o meu agradecemento e estima, non soamente pola súa ética profesional, senón tamén pola súa capacidade de adaptación e traballo en equipo.

E finalmente, pero non menos importante, agradezo a protección, o refuxio e o cariño da miña familia durante todo o meu tempo de exercicio político, porque non hai nada que aprecie máis nesta vida que ter a certeza de que conto coa súa axuda, respaldo e amor cada día.

A partir de agora, e co mellor dos desexos para o Concello de Laxe, quedo a súa enteira dispoñibilidade para o traspaso do cargo.

Atentamente,

José Luis Pérez Añón

Alcalde do Concello de Laxe”

Por unanimidade o Pleno da Corporación acepta a renuncia presentada.

E polo tanto, acórdase remitir certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central para os efectos de que se emita a correspondente acta do seguinte concelleiro/a na lista, que é Begoña Gegúndez Allo.

Intervén a concelleira do BNG, Dona Cristina Vázquez del Prisco desexándolle que se recupere e tamén, todo o mellor fóra da liña política, destacando as súas bondades á marxe das discrepancias políticas.

Don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS-PODEMOS subscribe as palabras da concelleira do BNG, Dona Cristina Vázquez del Prisco.

Rematado o obxecto da presente sesión, o 1º tenente de alcalde da por finalizada, sendo ás 14:07 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a Secretaria, a presente acta; para que, unha vez aprobada a acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.